

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño para o curso 2020-2021. Resolución do 9 de xuño de 2020, DOG 19 de xuño

Materia: Lingua galega e literatura

Grao	Superior
Data	10 de xullo de 2020
<input type="checkbox"/> EASD ANTONIO FAÍLDE – Ourense	<input type="checkbox"/> EASD MESTRE MATEO - Santiago de Compostela
<input type="checkbox"/> EASD PABLO PICASSO – A Coruña	<input type="checkbox"/> EASD RAMÓN FALCÓN- Lugo
Alumno/a	DNI:
Cualificación	

INSTRUCCIÓN

Formato

A proba está composta por 14 preguntas tipo test (cumprirá sinalar as respostas correctas na táboa de solucións ao final do caderno) e unha redacción.

Puntuación

- Cuestionario tipo test: ata 7 puntos. Cada cuestión correcta sumará 0,5 puntos. Cada erro descontará 0,25 puntos. As cuestións non contestadas non sumarán nin restarán puntuación.
- Exercicio de redacción: ata 3 puntos.

Duración

Tempo estimado para responder: 60 minutos.

Execución

As respostas ás catro primeiras cuestións realizaranse nos espazos dispostos para o efecto. As resposta á quinta cuestión (tipo test) deberán trasladarse ás cuadrículas da derradeira páxina.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.



Texto:

Exercicio responsable

Os dirixentes dos países do euro tomaron onte unha decisión colectiva de grande relevo: non deixarán caer na suspensión de pagamentos ningún dos seus membros. Nin Grecia ni ningún outro. Esta vontade política pode e debería salvar a primeira crise especulativa á que se enfrenta o euro no seu decenio longo de historia. Para iso, os ministros do eurogrupo saben traducila en medidas concretas e eficaces. Supón, en todo caso, unha virada na deriva declinante e dispersa que a UE vén rexistrando desde hai anos.

O compromiso sobre o papel é claro. Adoptarán "medidas decididas e coordinadas, de ser necesario, para salvagardar a zona euro no seu conxunto". E de efectos substanciais, xa que responde a todas as grandes incógnitas suscitadas nos últimos días. Quedan, xa que logo, despexadas as dúbidas sobre se o novo Tratado de Lisboa permite ou non unha operación de rescate: permítea. Envía aos mercados un sinal claro de que haberá reacción rápida para evitar desgastes: non é unha anécdota menor para estes efectos que a reunión preparatoria dos ministros de Economía se desenvolvese por videoconferencia. E compromete os socios a interviren colectivamente e a resolveren o posible problema por si sos, sen transferir responsabilidades ao FMI, para desgraza dos euroescépticos, encabezados polo Reino Unido.

Errarán os mercados se interpretan que a ausencia de mención a instrumentos concretos desvaloriza esa explícita vontade política. Mal podía decidirse xa o método de axuda que cumpriría usar para un país en perigo, como Grecia, se este aínda non a solicitou. Os instrumentos poden ser múltiples, desde o aval á débeda do país débil ata a compra de bonos (aínda que non polo BCE), pasando por créditos do BEI ou adiantos con cargo aos fondos estruturais. Pero tampouco convén demorarse moito. [...]



1. Indique a resposta correcta na táboa der solucións da derradeira folla desta proba.

1. Un editorial dun xornal é:

- a) Un artigo de opinión non asinado, en concordancia coa liña ideolóxica do medio de comunicación.
- b) Un artigo de opinión asinado, que reproduce a opinión do seu autor sobre unha nova.
- c) Un reportaxe de actualidade acompañado de moitas fotografías e entrevistas aos protagonistas dos feitos.

2. Sinala o enunciado que recolle a idea fundamental do artigo:

- a) A UE deseña medidas concretas e decide os instrumentos para axudar a Grecia.
- b) O cumio europeo comprométese a non deixar caer ningún socio na suspensión de pagamentos.
- c) Os países do euro piden axuda ao Fondo Monetario Internacional para axudar a Grecia.

3. O enunciado "*medidas decididas e coordinadas, de ser necesario, para salvagardar a zona euro no seu conxunto*" vai entre comiñas:

- a) Porque se trata de palabras textuais do acordo.
- b) Para destacar esta información pola súa importancia.
- c) Porque reproduce a opinión persoal do autor do artigo.

4. As palabras *eurogrupo* e *euroescépticos* son:

- a) Anglicismos.
- b) Coloquialismos.
- c) Neoloxismos.

5. A forma verbal *poden ser* (líña 18) é...

- a) Unha perífrase que indica obriga.
- b) Unha perífrase que indica posibilidade.
- c) Un infinitivo composto.

6. A secuencia *Os dirixentes dos países do euro* (líña 1) é:

- a) Unha oración simple
- b) Unha frase nominal.
- c) Un sintagma preposicional.

7. A función da linguaxe que predomina no texto é:

- a) Metalingüística.
- b) Fática.
- c) Representativa.



8. FMI e BCE son:

- a) Abreviaturas.
- b) Acrónimos.
- c) Siglas.

9. Interviren e resolveren (liña 13) son formas verbais de:

- a) Infinitivo.
- b) Futuro de indicativo.
- c) Condicional.

10. Vén (liña 5) leva acento...

- a) ...porque é monosilábica.
- b) ...diacrítico, para a diferenciar doutra palabra.
- c) Realmente é un erro, non debería levar til.

11. Aínda (liña 18) leva acento...

- a) ...diacrítico, para a diferenciar doutra palabra.
- b) ...porque é grave e rematada en vogal.
- c) ...para indicar que as vogais se pronuncian en sílabas diferentes.

12. Indique a serie correcta:

- a) Andei, andaches, andou, andamos, andastes, andaron. (andar)
- b) Produzca, produzcas, produzca, produzcamos, produzcades, produzcan. (producir)
- c) Quepa, quepas, quepa, quepamos, quepades, quepan (cabere).

13. En que época situaría vostede a Curros Enríquez e a Eduardo Pondal?

- a) No século XII, como máximos expoñentes da lírica desa época.
- b) No século XIX, como membros do Rexurdimento.
- c) No século XX, como figuras importantes da literatura posterior á Guerra Civil.

14. A institución encargada de fixar a normativa ortográfica e morfolóxica da lingua galega é:

- a) A Real Academia Galega.
- b) As Irmandades da Fala.
- c) A Xunta de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: Bacharelato

2. Elabore unha redacción de entre 15 e 20 liñas sobre calquera tema que vostede elixa relacionado coa Unión Europea (cultura, idiomas, política, institucións, xeografía...).



Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: Bacharelato

TÁBOA DE SOLUCIÓNS DA CUESTIÓN
Nº 5 (TEST)

Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño para o curso 2020-2021. Resolución do 9 de xuño de 2020, DOG 19 de xuño

Materia: Lingua galega e literatura. Solucións

TÁBOA DE SOLUCIÓNS (TEST)			
OPCIÓN A			
Nº	A	B	C
1	A		
2		B	
3	A		
4			C
5		B	
6		B	
7			C
8			C
9	A		
10		B	
11			C
12	A		
13		B	
14	A		